




C O N C E L L O
DE
MORAÑA

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

B A N D O

Axudas para TAXIS



D^a. María Luisa Piñeiro Arcos, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Moraña

FAI SABER:

Que a Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Xunta de Galicia) convocou axudas para os titulares de autorizacións de transporte serie VT_N (taxis) para instalar sistemas de seguranza, información, cobramento e localización nos seus vehículos para o ano 2012.

BENEFICIARIOS: Titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de Mobilidade ou polos servizos de mobilidade competentes para o efecto. As autorizacións terán que estar domiciliadas en Galicia e estar vixentes no momento de presentación da solicitude. Xerará dereito á axuda cada unha das autorizacións das que sexa titular o solicitante.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

- ✚ **SISTEMA GPS** homologado no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.
- ✚ **TAXÍMETRO CON IMPRESORA E TPV** para o cobramento con tarxetas compatible cun sistema GPS que debe estar homologado no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.
- ✚ **SISTEMA DE CONTROL DE FROTAS** con elementos de xestión, localización e control por satélite que estean conectados a un centro de control a través da tecnoloxía GPS.

A adquisición efectiva e pagamento dos sistemas para os que se solicita a axuda deberá realizarse no ano 2012.

CONTÍA DA AXUDA: Os equipamentos previstos nas bases **podrán acadar unha axuda económica máxima do 50% do custo de cada un deles individualmente considerado**. Inclúirse tanto o prezo do equipamento como os gastos de colocación, man de obra, equipamento adicional necesario e verificación do seu funcionamento. Non se considera subvencionable o importe pagado en concepto de IVE e outros impostos indirectos.

Importes máximos subvencionables: Sistema GPS (500 €), Taxímetro con impresora e TPV (500€) e sistema de control de frotas (500€).

PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: remata o 20 de xullo de 2012.

Información e asesoramento: Concello de Moraña [Tfno. 986 55 30 05].

Moraña, 13 de xuño de 2012
A ALCALDESA

Asdo: María Luisa Piñeiro Arcos

